

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA  
DO 12 DE AGOSTO DE 2022**

- 1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00039125X.**  
Ratificación da urxencia da convocatoria.
- 2. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00039125X.**  
**Aprobación de actas de sesións anteriores.**  
Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:
  - Extraordinaria-urxente de data 4 de agosto de 2022.
  - Ordinaria de data 8 de agosto de 2022.
- 3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00007638N.**  
**Autorización da cancelación do aval constituído pola empresa RICARSAT SL, para responder do contrato de “Servizo de arranxo de tres vehículos do servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela” CON/19/2019.**  
Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa RICARSAT SL, por importe de 3.942,85 para responder do contrato de “Servizo de arranxo de tres vehículos do servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela”.
- 4. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00039125X.**  
Declaración de ausencia de conflito de intereses en expediente de contratación/subvencións.
- 5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00008663W.**  
**Adxudicación do “Servizo dun estudo para elaboración do plan de acción da AXENDA URBANA 2030 de Santiago de Compostela. Actividade financiada ao abeiro da convocatoria para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da axenda urbana española do Ministerio de Transporte, Mobilidade e axenda urbana”.**  
Acódase:  
Primeiro: Excluir do procedemento de adxudicación á empresa CONSULTRANS SAU por considerar que non acreditan para todos os membros do equipo os requisitos de experiencia exixidos no PCAP. Devolver a dita empresa a fianza definitiva por importe de 3.300,00 € constituída como seguro de caución e o importe das taxas ingresadas por importe de 200,13 €. Segundo: Adxudicar o “Servizo dun estudo para elaboración do plan de acción da AXENDA URBANA 2030 de Santiago de Compostela. Actividade financiada ao abeiro da convocatoria para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da axenda urbana española do Ministerio de Transporte, Mobilidade e axenda urbana” á empresa a ESTRATEGIA Y

ORGANIZACIÓN SA por importe total de 89.512,68 € (base imponible: 73.977,42 € máis 21% IVE: 15.535,26 €), sendo a súa proposta a máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato a Carne Casado Casado, responsable de Desenvolvemento Económico, Oficina de Promoción Económica dependente da Alcaldía. O seguimento deste contrato corresponde á oficina de Promoción Económica.

Terceiro: Comprometer o gasto de 89.512,68 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 6400000. DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARÁCTER INMATERIAL (PROXECTO 2022 2 NGAXE 1), con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGeneration EU, en base a unha axuda concedida por Resolución do 11/12/2021 do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana.

Esta subvención financia o 100% agás o IVE.

#### **6. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00018250L.**

**Aprobación do Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para subvencionar a realización das accións “Dirección executiva da Axenda Urbana de Santiago de Compostela, dentro do PEAL” e “Xestión do Comité Socioeconómico”, de acordo cos obxectivos plantexados no marco do programa Compostela Móvese 2022.**

Adóptanse os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar o convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela que ten como obxecto subvencionar a realización das accións “Dirección executiva da Axenda Urbana de Santiago de Compostela, dentro do PEAL” e “Xestión do Comité Socioeconómico” de acordo cos obxectivos do programa Compostela Móvese 2022.

Segundo.- Aprobar gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de 40.000.-€ con cargo á aplicación 010 43300 4890003 dos orzamentos municipais de 2022

Terceiro.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

#### **7. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00015637M.**

**Aprobación da concesión de subvencións para o fomento de actividades e programas a favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivolésbico, gay, transexual, bisexual, Queer e intersexual (LGTBQI) de prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2022.**

Apróbase a proposta de resolución para a concesión de subvencións para o fomento de actividades e programas a favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivolésbico, gay, transexual, bisexual, Queer e intersexual (LGTBQI) de prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2022, formulada pola comisión de avaliación o 08/07/2022 de conformidade cos criterios obxectivos de concesión previstos na base 10, e conceder as subvencións a 14 entidades por un total de 28.593,98 euros: “Xogando somos iguais”, da Asociación para a Promoción e Integración das Mulleres Galegas do Rural (AGRA) (2.500 euros); “DIVA: Programa de Formación, Orientación e Atención ás persoas LGTBIQA+ e familias”, de Arelas (2.500 euros); “Mulleres na Raia”, da Asociación Arraianas (2.500 euros); “Tempo en Igualdade”, da Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (FADEMUR) (2.500 euros); “Proxecto Recréate”, da Asociación e Mulleres con Discapacidade en Galicia (ACADAR) (953,22 euros); “Acaroar”, da Asociación da Plataforma polo Emprego (2.500 euros); “V

Xornadas de Tecnificación e Empoderamento en Hockey sobre Patíns Feminino”, do Hockey Club Raxoi (2.500 euros); “Mulleres sordas en acción”, da Asociación de Personas Sordas de Santiago de Compostela (700 euros); “Labregas e espazos de venda”, do Sindicato Labrego Galego (2.500 euros); “Programa IX Muller en Igualdade”, da Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA) (1.500 euros); “Xuntas cara a Igualdade”, da Asociación Centinelas (2.500 euros); “Achégate a nós”, da Asociación de Empregadas de Fogar Xiara (1.500 euros); “Tecendo fíos de cores”, da Fundación Amigos de Galicia (2.500 euros); e “Muller Tea: proxecto de igualdade e prevención da violencia de xénero a través do apoio nas súas necesidades”, da Federación Autismo Galicia (1.440,76 euros).

Nº	Entidade solicitante	Título do proxecto	Puntuación
1	ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN DAS MULLERES GALEGAS DO RURAL (AGRA)	“XOGANDO SOMOS IGUAIS”	79
2	ARELAS. ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE MENORES TRANS	“DIVA: PROGRAMA DE FORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ATENCIÓN ÁS PERSOAS LGTBIQA+ E FAMILIAS”	76
3	ASOCIACIÓN ARRAIANAS	“MULLERES NA RAIA”	76
4	FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS (FADEMUR)	“TEMPO DA IGUALDADE”	74
5	ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR)	“PROXECTO RECRÉATE” (4ª EDICIÓN)	73
6	ASOCIACIÓN PLATAFORMA POLO EMPREGO	“ACAROAR”	73
7	HOCKEY CLUB RAXOI	V XORNADAS DE TECNIFICACIÓN E EMPODERAMENTO EN HOCKEY SOBRE PATÍNS FEMININO	72
8	ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	“MULLERES SORDAS EN ACCIÓN”	71
9	SINDICATO LABREGO GALEGO	“LABREGAS E ESPAZOS DE VENDA”	71
10	ASOC. DE EMPRESAS DE INSERCIÓN DE GALICIA (AEIGA)	“PROGRAMA IX MULLER EN IGUALDADE”	67
11	ASOCIACIÓN CENTINELAS	“XUNTAS CARA A IGUALDADE”	66
12	ASOCIACIÓN DE EMPREGADAS DO FOGAR. XIARA	“ACHÉGATE A NÓS”	65
13	FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	“TECENDO FÍOS DE CORES”	62
14	FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA	MULLER TEA: PROXECTO DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO A TRAVÉS DO APOIO NAS SÚAS NECESIDADES”	60

#### 8. SERVICIOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00034329W.

**Declarar incumplida, por parte da Universidade de Santiago de Compostela, a obriga de xustificación do convenio de colaboración asinado o 5.11.21, entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela ano 2021**

Declárase incumplida, por parte da entidade beneficiaria, a obriga de xustificación do convenio de colaboración asinado o 05 DE NOVIEMBRE DE 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ano 2021, pola contía de

DEZ MIL EUROS (10.00000 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800023 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33), así como o inicio do procedemento polo que se declare a perda de dereito ao cobro da axuda concedida segundo o establecido no artigo 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**9. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00017594F.**

**Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española de data 05/08/2022 para o financiamento do Programa: “SEMUS COMPOSTELA (Servicio Municipal de Urgencias Sociais)”.**

Tómase coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade Cruz Roja Española de data 05/08/2022 pola contía de 100.000 € para o financiamento do Programa: “SEMUS COMPOSTELA (Servicio Municipal de Urgencias Sociais)”.

**10. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019968N.**

**Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española de data 05/08/2022, para o financiamento dos Programas: 1. “Atención ás Persoas sen Fogar” + 2. “Teleasistencia”.**

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade Cruz Roja Española de data 05/08/2022 pola contía de 85.000 € para o financiamento dos Programas: 1. “Atención ás Persoas sen Fogar” + 2. “Teleasistencia”.

**11. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00038801P.**

**Dar conta do Auto de desistimento recaído no Prodedemento Ordinario 453/2019 CA1.**

Auto nº 077/2022

PO 453/2019 CA1

Obxecto: orde de execución dun inmovible da Rúa Entrepexegos para evitar a perda de elementos catalogados.

Por Auto 077/2022, do 16 de xuño, declárase a desistencia do recurso da parte actora, coa imposición de custas ao demandante. E por dilixencia do 26 de xullo confírmase a súa firmeza.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do auto.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

**12. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00038791K.**

**Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 157/2020 CA2.**

Sentenza nº 186/2022

PO 157/2020 CA2

Obxecto: resolución de contrato de obra para mellora de viario rural por execución insatisfactoria.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de apelación.
3. Agardar pola súa firmeza.
4. Remitir ao Servizo de Contratación para a súa execución unha vez firme.

**13. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00038786Q.**

**Dar conta de sentenza recaída no procedemento PO 350/2021 CA1.**

Sentenza nº 211/2022

PO 350/2021 CA1

Obxecto: denegación de licenza de obras de rehabilitación para destino oficinas e pisos turísticos.

Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de apelación. Por dilixencia de ordenación, do 26.07.2022, declárase a súa firmeza.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

**14. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00038804B.**

**Dar conta do Decreto núm. 259/2019 do AP 195/2018 TSX.**

Decreto nº 259/2019

Obxecto: extensión de efectos para o pago do incentivo de xubilación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do decreto.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento.